



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E AS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS,
SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA- SIG, ASOCIACIÓN
GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS- AGARESO, E ASAMBLEA DE
COOPERACIÓN POR LA PAZ PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO
“COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS 2019- 2020”.**

(1) A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no ámbito da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. No seu artigo 8 apartado 2 enúncianse as prioridades sectoriais, en materia de sensibilización e educación para o desenvolvemento:

- a) A concienciación da opinión pública na materia.
- b) A difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países subdesenvolvidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) O fomento da investigación sobre as causas do desenvolvemento a fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación.
- d) Potenciar e fortalecer aos axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia a fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

O IV Plan Director da cooperación galega 2018- 2021 establece como un dos seus ámbitos estratéxicos de actuación o AE 5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

(2) Antecedentes:

No ano 2013 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsou un proxecto piloto titulado “Cooperación Galega; o mundo que queremos”, que foi desenvolvido no marco do Plan Proxecta, iniciativa de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre os departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.



O proxecto que xa se atopa na súa sétima edición, foi desenvolvido por 3 ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento ás que se engadiu unha entidade mais para o curso 2018-2019. Para este 2019- 2020 volverán a ser tres as entidades asinantes do convenio. Dende o comezo, leváronse a cabo actividades no curso 2013-2014, en 5 centros de Educación Secundaria que foron seleccionados entre os solicitantes da convocatoria anual do Plan Proxecta, no curso 2014-2015 en 9 centros, no curso 2015-2016 en 5 centros das 13 solicitudes presentadas, no curso 2016-2017 en 6 centros e no curso 2017-2018 en 6 centros, no 2018- 2019 os centros foron 7, os mesmos que se espera involucrar no 2019- 2020. Co profesorado e o alumnado dos 38 centros afondouse nas desigualdade sociais existentes e as causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a Cooperación Galega. Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) antes e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) agora son a temática condutora da proposta e a comunicación comunitaria a ferramenta metodolóxica e elemento o vertebrador das accións a desenvolver.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración coas ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento no marco do Plan Proxecta tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xullo de 2019 ata o 30 de novembro de 2020.

(4) O convenio ten por **obxecto** o fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

(5) Tendo en conta que a singularidade deste proxecto vén determinada polo feito de formar parte do Plan Proxecta e por ser un proxecto colectivo e participado por varias entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da educación para o desenvolvemento, que as actividades obxecto do proxecto, son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da coordinación





establecida entre as entidades destinatarias, a colaboración coas Administracións públicas atendendo aos principios de eficacia, concentración, coordinación e sinerxía, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custe total do proxecto que é de setenta e tres mil seiscientos noventa e un euros (73.691,00 €), abonará á Solidariedade Internacional de Galicia, por asumir o liderado ante a Xunta de Galicia consonte ao establecido na cláusula terceira do convenio de colaboración, a contía máxima de setenta mil euros (70.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.0. e distribución seguinte:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2019	Anualidade 2020
05.26.331A.481.0	17.269,87	52.730,13

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

